



A imaxe dun lago componse como o metafórico escenario do que xorde o poemario. JAVIER CERVERA MERCADILLO

Augas túrbidas



POR
RAMÓN ROZAS

O que acontece en 'Dun lago escuro' de Marta Dacosta alónxase dun fío de esperanza que nos eleve por riba dos valos, das mentiras...

CHEGA O ABRIL da poesía revoloteando entre as flores. Versos que xogan ledos ante a chegada da primavera e os alumiños dunhas temperaturas que nos enchen a todos de ledicia e benestar. Pero a poesía tamén serve para rastrexar

esa outra face da vida. A que aínda non é mariposa senón eiruga, a que baixa aos infernos da persoa na procura dun bálsamo para a alma, pero sobre todo para tentar comprender como a nosa mente se desenvolve ante determinadas situacións.

Marta Dacosta propón nesta travesía polo seu derradeiro poemario, 'Dun lago escuro', percorrer ese itinerario carontino para situarnos ante nós mesmos á procura dunha resposta fronte á podremia que, esta sociedade na que nos tocou vivir, nos asulaga ata a asfixia. Con cada vez menos aire, a poeta mergúllanos no fondo dunhas augas que pretenden «escorrentar a escuridade». Porén, o que acontece nesa travesía alónxase bastante de poder atopar un fío de esperanza que nos eleve

por riba dos valos, das mentiras, dos medos, das traizóns, dos cansazos ou do balbordo da desesperación. Unha tormenta que non nos deixa vivir na calma, cando todo sería moito máis sinxelo, ademais de telo ben merecido, pero abofé que somos malos animais... seres que tenden sempre á destrución propia e do seu semellante como parte dun proceso case de exterminio ou polo menos de busca do sufrimento no igual, como se iso nos fose conceder algún privilexio por riba da mesquiña sensación de sentirse superior a alguén. O dito, todo podería ser moito máis fermoso...

Nesas augas, límpidas na súa faciana, a pouco que deixemos atrás esa superficie atoparemos como todo é escuro, como o espello se volve costra a medida que o dano da profundidade medra cheo de engano e mentira. É a travesía a nado dun lago como metáfora da viaxe da vida na que adoitamos mirar cara o ceo mentres baixo nós se amorean os cadáveres.

Como nos gusta meter baixo a alfombra todo o que é sucio? Aquilo que nos fai darnos de conta do que en realidade somos. A alfombra aquí é auga, augas túrbidas, «mentres medra o pánico contra o fondo», ao tempo que entramos nun estado de onirismo. Alucinacións, efectos surreais, xeroglíficos... estrañas percepcións para rachar o equilibrio, converténdose ao fin na incómoda peaxe da nosa travesía.

Marta Dacosta segue a medrar como poeta, sendo este poemario un valente percorrido dende a palabra e a poesía por ese lado do que a poesía se serve para escurecer a súa propia luz. Pero ela é así, segura de si mesma, afoutada nas súas pretensións e sabedora do que é quen de suxerir. Así é como a autora se serve desa forza telúrica para artellar un poemario imprescindible hoxe para entender moito do que nos mergulla na desesperación. Palabras para rastrexar a incerteza. Palabras para respirar.



DUN LAGO ESCURO

Marta Dacosta

Editorial Xerais
Páxinas 64 Prezo 12,50 €